

ACORDO DA COAP DE 4 DE DECEMBRO DE 2023 POLA QUE SE PUBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS E EXCLUÍDAS NO PROCESO DE MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE (RR 20/11/2023)

No Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019, aprobouse o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo, onde se establece que con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente nun determinado campus correspondente á reserva do 15% indicada, o persoal docente e investigador con vinculación permanente pertencente a esa área de coñecemento, poderá solicitar o cambio de adscrición de campus ao xerado pola praza a crear.

En aplicación deste acordo, o 20 de novembro de 2023, mediante Resolución Reitoral, publícase a convocatoria de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo pertencente ás áreas de coñecemento seleccionadas na Comisión de Ordenación Académica e Profesorado de 20 de novembro de 2023 segundo as bases aprobadas no Consello de Goberno de 30 de outubro de 2023.

O 24 de novembro de 2023, publícase a Resolución Reitoral provisional sobre a mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente, finalizado o prazo para emendar ou presentar as oportunas alegacións sen que se recibise ningunha alegación,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Aprobar e facer pública a relación de persoas admitidas e excluídas para a concesión de cambio de adscrición de campus (anexo I).
2. Aprobar o cambio de adscrición de campus ás persoas relacionadas no anexo I con efectos a partir da data de resolución do concurso público de acceso a prazas de corpos docentes universitarios de Titulares de Universidade (TU2302).
3. Aprobar e facer pública a relación dos códigos e áreas de coñecemento das prazas correspondentes á reserva do 15% (OEP 22) para persoal investigador que teña a certificación I3 e dispoña da acreditación correspondente de profesorado Titular de Universidade, seleccionadas no Consello de Goberno de 4 de decembro de 2023, cos campus definitivos (anexo II).

Asinado dixitalmente en Vigo

O reitor,

Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)

A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica

Patricia Valcárcel Fernández



ANEXO I

Relación provisional de persoas ADMITIDAS para a concesión de cambio de campus segundo o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo (CG 20/12/2019)

APELIDOS	NOME	ÁREA		COD. PRAZA QUE XERA O CAMBIO	CENTRO	CAMPUS
Martínez García	Sandra	220	Ecoloxía	TU2302-C04-220-TU-TC-01	302	VIGO
Gómez Graña	Sergio	755	Química Física	TU2302-C11-755-TU-TC-01	311	VIGO



ANEXO III

Relación dos códigos e áreas de coñecemento das 4 prazas de profesorado Titular de Universidade reservadas ao 15% do persoal investigador doutor que teña a certificación I3 e dispoña da acreditación correspondente de profesorado Titular de Universidade.

COD. PRAZA	CATEGORÍA	ÁREA	DPTO.	CENTRO	CAMPUS
TU2302-C04-220-TU-TC-01	PTU	Ecoloxía (A220)	Ecoloxía e bioloxía animal (C04)	101	OURENSE
TU2302-C01-410-TU-TC-01	PTU	Fisioloxía (A410)	Bioloxía funcional e ciencias da saúde (C01)	302	VIGO
TU2302-C10-280-TU-TC-01	PTU	Estratigrafía (A280)	Xeociencias mariñas e ordenación do territorio (C10)	310	VIGO
TU2302-C11-755-TU-TC-01	PTU	Química física (A755)	Química física (C11)	101	OURENSE

